

REQUISITOS PARA A CONCERTACIÓN DE OPERACIÓNS DE ENDEBEDAMENTO A LONGO PRAZO POLAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS NO EXERCICIO 2024

1. Normativa

- Capítulo VII do Título I do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Disposición final 31ª da Lei 17/2012, do 27 de decembro de orzamentos xerais do Estado para 2013.

2. Requisitos para o endebedamento a longo prazo

- Cumprimento da prudencia financeira nos termos recollidos na Resolución do 4 de xullo de 2017, da Secretaría General del Tesoro y Política Financiera.
- Liquidación orzamentaria do exercicio 2023.
- Orzamento do exercicio 2024 aprobado, salvo as excepcións do artigo 50.2 do TRLRFL.
- Aforro neto positivo na liquidación do exercicio 2023.
- Nivel de débeda viva incluíndo a operación proxectada <110% dos ingresos correntes liquidados no exercicio 2023.
- Necesidade de autorización do órgano de tutela
 - o Nivel de débeda viva >75% e <110% dos ingresos correntes liquidados en 2023.
 - o Entidade adherida ao Fondo de Ordenación prudencia (artigo 39.1.b do Real decreto-lei 17/2014 e supostos recollidos no artigo 40.3 do dito real decreto-lei)
 - o Entidades do ámbito subxectivo dos artigos 111 e 135 do TRLRFL cando liquidaran o orzamento de 2023 sen cumprir a estabilidade orzamentaria, en aplicación do artigo 20.2 da LOEPSF.

Enlace á nota informativa endebedamento publicada polo Ministerio de Hacienda :

<https://www.hacienda.gob.es/Documentacion/Publico/DGCFEL/Endeudamiento/Nota-Informativa-Endeudamiento-2024.pdf>